

TRADUCCIÓN ECONÓMICA AO GALEGO: PAUTAS DE ACTUACIÓN ANTE A PRESENZA DE PRÉSTAMOS E CALCOS NO LÉXICO ECONÓMICO¹

Marta García González

mgarciag@uvigo.es
Universidade de Vigo

Resumo

En liña con traballos de temática similar (Russo 2002; Orts & Almela 2009; Orts & Almela 2012), o presente estudo analiza os mecanismos de creación de neoloxismos do campo da economía na lingua galega, prestando especial atención á entrada de estranxeirismos, calcos semánticos, préstamos adaptados e castelanismos propiciada pola actual situación de crise mundial. Desta forma, preténdese proporcionar pautas de actuación no uso destes elementos léxicos aos estudantes de tradución e futuros tradutores ao galego de textos económicos, ante a carencia de recursos de referencia e da experiencia necesaria para tomar decisións nesta materia. Trabállase para estes efectos con dous corpus textuais *ad hoc* compilados de maneira expresa para o estudo. O primeiro deles é un corpus monolingüe en lingua galega conformado por artigos xornalísticos de temática económica publicados en diarios da comunidade autónoma e máis por artigos de investigación extraídos da *Revista Galega de Economía*, que se edita semestralmente en lingua galega e castelá. O segundo é un corpus bilingüe comparábel conformado polos artigos da citada revista nas súas versións galega e castelá. A análise dos corpus apunta cara á existencia de patróns de uso diferentes dos estranxeirismos, préstamos adaptados e calcos nos textos económicos especializados e nos de divulgación, así como cara a unha coincidencia dos patróns de uso destes elementos entre a lingua galega e a castelá.

1. This article is the English version of “Traducción económica al gallego: pautas de actuación ante la presencia de préstamos y calcos en el léxico económico” by Marta García González. It was not published on the print version of *MonTI* for reasons of space. The online version of *MonTI* does not suffer from these limitations, and this is our way of promoting plurilingualism.

Abstract

“Economic Translation into the Galician Language: Guidelines for Decision-Making in the Use of Loanwords and Calques in the Economic Discourse”

In line with previous studies (Russo 2002; Orts & Almela 2009; Orts & Almela 2012), the present paper analyses the mechanisms that the Galician language has for neologism creation in economic documents, particularly focusing on the use of foreign words, loanwords and calques. Two ad hoc text-based corpora were compiled for the study: (i) a Galician monolingual corpus made up of Galician press articles and Galician research articles drawn from the bilingual journal *Revista Galega de Economía*; and (ii) a bilingual corpus comprised of the Galician and Spanish versions of the articles from the aforementioned journal. Results point to the existence of different usage patterns of foreign words, loanwords, adapted calques and *castelanismos* in specialized economic texts and in economic newspaper articles, and of similar usage patterns of foreign words, loanwords and calques in research articles in Galician and Spanish.

Palabras clave: discurso especializado económico, extracción terminológica, galego, lingua minorizada, neoloxismo.

Keywords: economic specialized discourse, Galician language, minority language, neologism, terminological extraction.

Manuscript received on June 30, 2015 and accepted for publication on October 27, 2015.

1. Introducción

A linguaxe económica, ao igual ca outras linguaxes de especialidade, nútrese en grande medida de termos procedentes da lingua inglesa, por ser esta a lingua franca de comunicación entre operadores de diferentes países (Furiassi, Pulcini & Rodríguez González 2012: 3). A forma en que estes termos se incorporan ao discurso de cada lingua depende, entre outros factores, da capacidade que dita lingua teña para desenvolver neoloxismos á mesma velocidade á que os termos se incorporan ao discurso especializado, así como dos procedementos lingüísticos empregados con maior frecuencia para este desenvolvemento. No entanto, a diferenza do que pode suceder con outras linguaxes de especialidade, como a científica ou a xurídica, cuxo uso se atopa máis limitado aos seus eidos de especialización, a linguaxe económica ten unha importante presenza en contextos semiespecializados ou divulgativos, principalmente nos medios de comunicación, tanto orais como escritos. Esta presenza, nun entorno no que a inmediateza da noticia prima moitas veces por riba da calidade dos contidos, mais tamén da forma, provoca a entrada na linguaxe económica de termos moitas veces desafortunados, como é o caso dos fondos *voitre*, as hipotecas *subprime* o as máis recentes hipotecas *underwater* ou hipotecas *baixo a agua*.

No contexto das linguas minorizadas, cuxo uso en determinados eidos non se atopa aínda normalizado, a entrada de novos termos na lingua vese influída, ademais, pola forma en que se produciu dita entrada na lingua dominante coa que convive. Mentres os discursos non especializados moitas veces descorren en paralelo, os especializados decote son elaborados polas mesmas persoas en ambas as linguas. Esta situación resulta especialmente problemática para a docencia da materia de tradución económica na combinación inglés-galego, por implicar unha falta de fontes de referencia fiábeis para un colectivo que carece da subcompetencia necesaria para tomar decisións informadas. Isto agrávase pola inexistencia de pautas de actuación homoxénea que indiquen aos futuros tradutores como deben actuar ante un problema terminolóxico desta natureza.

Son numerosos os traballos que nos últimos anos se centraron no estudo da influencia do inglés como fonte de incorporación de termos e expresións en diferentes linguas europeas (Crystal 2002; Fiedler 2011; Martí Solano, 2012;

Oncíns Martínez 2009, 2012, 2014; Rodríguez González 2004; Rozumko 2012). No entanto, o seu estudo no caso das linguas minorizadas resulta menos frecuente. Seguindo a liña de traballos previos de temática similar (Russo 2002; Orts & Almela 2009; Orts & Almela 2012), nas páxinas seguintes analizamos os mecanismos de creación de neoloxismos do campo da economía galega, prestando especial atención á entrada de estranxeirismos, calcos semánticos, préstamos adaptados e castelanismos propiciada pola actual situación de crise mundial. Dende unha perspectiva didáctica, a partir do emprego de metodoloxías sinxelas de explotación de corpus, á semellanza das presentadas en Zanettin, Bernardini & Stewart (2003), buscamos definir un modelo de procura sistemática de termos económicos para a aula de tradución económica ao galego e, na medida do posíbel, establecer patróns de actuación para a selección entre un estranxeirismo e o termo equivalente en lingua galega en función das expectativas dos usuarios finais dos textos traducidos (expertos/non expertos).

Con esta fin, realizamos en primeiro lugar unha breve descrición da presenza da lingua galega nos distintos eidos nos que se xeran discursos económicos ou comerciais, e revisamos os principais problemas do léxico económico galego e os mecanismos máis habituais de dita lingua para a creación de neoloxismos. A continuación, traballamos con dous corpus textuais *ad hoc* compilados de maneira expresa para o estudo: o primeiro deles é un corpus monolingüe en lingua galega conformado por artigos xornalísticos de temática económica publicados en diarios da comunidade autónoma e por artigos de investigación extraídos da *Revista Galega de Economía*, que se edita semestralmente en lingua galega e castelá. Pola súa banda, o segundo constitúe un corpus bilingüe comparábel conformado por artigos da citada revista nas súas versións galega e castelá. O primeiro corpus empregárase para determinar a presenza de estranxeirismos, calcos semánticos, préstamos adaptados e castelanismos nos textos compilados e para determinar se existen diferenzas nestes usos en función do tipo de texto (especializado fronte a informativo) e do autor (experto fronte a semiexperto). A partires do segundo corpus, analizarase se os estranxeirismos, préstamos e calcos identificados nos artigos da revista de investigación coinciden cos empregados na versión castelá, co obxectivo de determinar se existe unha correlación entre os usos destes termos nunha e outra lingua ou se autores e tradutores recorren a mecanismos de produción neolóxica diferentes.

2. O uso da lingua galega na economía

2.1. Presenza da lingua nos sectores público e privado

De acordo co informe sectorial do *Observatorio da Lingua Galega* (OLG), publicado en 2007 (EOSA Consultores 2007: 33), a presenza da lingua galega no eido da economía é escasa se se compara coa do castelán. Concretamente, no eido da pequena empresa, a porcentaxe de uso do galego sitúase por baixo do 45% nas comunicacións orais e do 20% nas escritas, cifras que se repiten nos eidos do comercio e da banca. No que atinxe ao seu uso nos sitios web empresariais, o estudo revelou que arredor dun 83% das empresas tiñan o seu sitio só en castelán, fronte a un 11,5% que o tiñan tanto en castelán coma en galego, e unicamente un 3,8% tiña o sitio só en galego (ibid: 35). Estas cifras redúcense aínda máis cando se analiza a información societaria e financeira que as empresas publican nos seus sitios, de acordo con García González (2013) quen, sobre unha mostra de 2.000 empresas galegas, só localizou unha que incluíse no seu sitio documentación societaria en galego.

Na administración pública, a lingua galega utilízase de maneira xeneralizada nos procedementos que emanan das diferentes consellerías do goberno autonómico, polo que resulta posíbel dispor de abundante información redactada nesa lingua sobre contratación pública, orzamentos autonómicos, plans estratéxicos, política financeira, tributación, investimento público e apoio ao investimento privado, etc. Nas deputacións e nos concellos, a presenza do galego é máis variábel, aínda que en xeral tamén é posíbel atopar en lingua galega toda a información relacionada coa xestión económica, así como todos os formularios necesarios para a interacción entre usuarios e administración. Na administración estatal e nas subdelegacións do goberno en Galiza, o acceso a información en lingua galega é moito máis limitada. Os propios sitios web dos ministerios de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas, malia disporen ambos os dous da opción lingüística ‘galego’, carecen de documentación traducida a esta lingua de temática macro ou microeconómica.

No que respecta á presenza do galego na prensa escrita, na actualidade, tralo peche de *anosaterra.org* e *Vieiros*, a oferta de xornais en lingua galega é escasa e límitase principalmente ao medio dixital: *Galiza Hoxe*, *Praza Pública*, *Sermos Galiza*, *Galicia Confidencial*, *Diário Liberdade* e *Galiciaé* son as publicacións de maior relevancia. A excepción de *Galiza Hoxe*, que comezou a publicarse en 2003² vinculada a *El Correo Gallego*, e *Galiciaé*, creada en 2007 e

2. Se ben a súa edición impresa deixou de publicarse en 2011.

pertencente ao grupo *El Progreso*, en todos os demais casos, trátase de publicacións dixitais creadas nos últimos anos (*Galicia Confidencial* e *Diário Liberdade* en 2009, *Praza Pública* e *Sermos Galiza* en 2012) por iniciativa de xornalistas independentes e da sociedade civil, sen vinculación coas empresas xornalísticas do sector. Nelas publícanse todo tipo de noticias e dispoñen dunha sección específica dedicada á economía. O uso do galego no resto de xornais de alcance rexional sitúase en torno ao 6,5% mentres que a súa presenza é anecdótica ou inexistente nos de eido estatal (EOSA Consultores 2008a: 24).

No eido académico, malia ser o galego a lingua oficial das tres universidades da comunidade autónoma e, polo tanto, a empregada por defecto en toda a documentación administrativa e académica xerada nelas, así como na interacción oral cos usuarios, a presenza da lingua nas aulas sitúase arredor dun 24% segundo datos do OLG (EOSA Consultores 2008b: 109). Na investigación, a presenza é aínda menor. Nogueira (2013: 26), nun estudo encargado pola *Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística*, cifra o uso exclusivo do galego como lingua de investigación nun 8%, ao que se suma un 36% dos investigadores que afirman combinar castelán e galego na súa actividade. Na área das ciencias sociais, estes valores sitúanse no 9% e o 56%, respectivamente. En materia económica, existe polo menos unha revista que se edita integramente en versión bilingüe español/galego, a *Revista Galega de Economía*, editada pola Universidade de Santiago de Compostela desde 1992.

2.2. O léxico económico galego

Giménez & Lores (2005: 7-8) identifican catro problemas básicos para a elaboración dun vocabulario técnico científico no eido da economía:

- A influencia do español e, sobre todo nos últimos anos, tamén do inglés, que é moi forte sobre todo no caso dos termos de nova creación. O recurso ao portugués como fonte alternativa, por outra banda, vese moitas veces frustrado pola tendencia cada vez maior dos economistas portugueses a importar directamente os novos termos da literatura económica en inglés no canto de traducilos á súa lingua.
- O feito de que a mesma terminoloxía científica económica posúa diferentes usos e grafías nas distintas linguas. Estas variacións están presentes nas dúas linguas que máis influencia exercen sobre a entrada de terminoloxía da lingua galega, isto é, o inglés e o español. Así, por exemplo, atopamos variacións na lingua inglesa tanto a nivel gráfico (*labor/labour*) como terminolóxico (*inventory/stock*), mentres que en

español as variacións son principalmente terminolóxicas (*equilibrar/balancear*, *renta/ingreso*, *tasa/tipo*). Algunhas destas variacións xa se incorporaron á lingua galega (*renda/ingreso*, *taxa/tipo*), onde conviven con outras propiciadas pola combinación de préstamos con termos autóctonos (*gasto/despesa*, *orçamento/presuposto*, *aforro/poupanza*, *demanda/procura*, *devindicar/devengar*).

- A raíz do problema anterior e a causa da inexistencia dunha norma ou criterio de adopción de terminoloxía económica, o esforzo por normalizar o status da lingua a forza de aumentar a súa presenza en todos os eidos antes de desenvolver o seu corpus provocou a adopción de solucións pouco acordes coa pureza léxica.
- As guerras ortográficas que durante moitos anos marcaron o devir da lingua galega e que provocaron un rexeitamento da utilización de solucións terminolóxicas acordes coa lingua portuguesa, ao tempo que afectaron “o noso desenvolvemento cotián como usuarios do galego científico, maiormente nas aulas docentes e, nalgúns casos, na comunicación científica e cara á sociedade” (Giménez & Lores 2005: 8)

O resultado é un léxico non normalizado, moi influído pola lingua española pero tamén pola inglesa e a portuguesa, no que conviven diferentes formas para moitos termos entre os que o usuario non experto non sempre sabe cal debe escoller. Engádesse a este problema a inexistencia de dicionarios especializados monolingües ou bilingües e o feito de que os recursos elaborados a partir de corpus se baseen en textos en galego producidos no mesmo contexto de falta de normalización da lingua especializada, o que perpetúa as súas eivas.

2.3 Formas de incorporación de novas unidades terminolóxicas á lingua galega

Partindo da definición proposta por Auger & Rousseau (1978: 54) de neoloxismo coma unha “*unité lexicale de formation récente, une acception nouvelle d’un terme existant déjà, ou encore, un terme emprunté depuis peu à un système linguistique étranger*” e da súa tipoloxía xeral da neoloxía, clasificamos os neoloxismos en tres amplas categorías:

- Neoloxismos formais: aqueles formados por procedementos de derivación, composición, sintagmación ou abreviación (ex. *zapaterista*, *teledocencia*, *desfinanciar*).
- Neoloxismos semánticos: aqueles creados por medio da variación do contido semántico dunha determinada unidade xa existente na

lingua. O cambio pode producirse da lingua xeral a unha lingua de especialidade, entre dúas linguas de especialidade, dunha lingua de especialidade á lingua xeral, ou mesmo por ampliación do contido semántico dun termo dunha lingua de especialidade determinada (ex. *troica, tecido social*).

- Neoloxismos de préstamo: aquelas unidades tomadas das linguas estranxeiras vivas ou mortas, ben directamente (estranxeirismo, ex. *leasing, online*), ben mediante algún tipo de adaptación fonética e gráfica para acomodarse á nova lingua de destino (préstamo adaptado, ex. *marketing, tableta*). Guerrero Ramos (1997), entre outros autores, fai referencia á distinción establecida por Tappolet (1913: 54-55) entre ‘préstamos por necesidade’ ou ‘denotativos’, que son os que designan produtos e conceptos nados nun país estranxeiro, para os que non existe un equivalente na lingua receptora, e ‘préstamos de luxo’ ou ‘connotativos’, causados por un “mimetismo lingüístico, desenvolvido por el prestígio exercido por un certo tipo de civilización y cultura, o por ignorancia, papanatismo, etc.” (Guerrero Ramos 1997: 37). No entanto, ás veces esta distinción resulta de difícil aplicación, polo menos no noso eido de estudo, dado que a rápida introdución de conceptos novos no eido da economía e a súa incorporación á lingua a través de canles diferentes (académico/especialista/prensa) adoita provocar a coexistencia de préstamos e termos propios cuxo uso se normaliza de diferente xeito nuns discursos ca noutros. Desta maneira, o que nun determinado contexto pode considerarse un préstamo de luxo, non o é tan claramente nun contexto diferente.

Por último, á clasificación anterior debemos engadirlle o *calco semántico*, intimamente relacionado co préstamo, que consiste na tradución directa dunha palabra ou termo doutra lingua, unha práctica de incorporación neolóxica bastante habitual no eido da economía (*gray market/mercado gris; bear market/mercado oso; shark/tiburón; vulture fund /fondo voitre...*).

Araya & Gómez (1999: 135-160) analizan os aspectos lingüísticos da neoloxía en lingua galega por medio dun corpus de textos do xénero xornalístico e chegan á conclusión de que o procedemento de creación terminolóxica máis rendible é o da derivación, algo que coincide co que sucede noutras linguas como o catalán (Cabré, Freixa & Solé 1997: 67). Con todo, a presenza de préstamos cifrase en máis dun 19% dos cales case tres cuartas partes eran estranxeirismos fronte a só un 26% de préstamos adaptados. Os autores

atribúen este predominio do estranxeirismo fronte ao préstamo adaptado ás características propias dos textos de prensa, redactados ás prásas e non suxeitos a revisión exhaustiva. Canto aos datos por orixe do préstamo, destaca o inglés seguido de lonxe polo portugués e polo italiano. Porén, non se consideraron no estudo os denominados *castelanismos*, ou préstamos do castelán, que os autores cualifican de interferencias por descoñecemento das solucións autóctonas (Araya e Gómez 1999: 148). Estes termos si se terán en conta no noso traballo, por considerármolos de interese para o alumnado de tradución ao galego, que debe aprender a identificalos e eliminalos dos seus textos.

3. Materiais e métodos

3.1. Selección dos textos para a compilación dos corpus

Antes de presentar os corpus empregados para a realización do traballo, parécenos relevante incluírmos os criterios que se tiveron en consideración no momento de seleccionar os textos. Sinclair (1991: 171) define corpus como “a collection of naturally-occurring language text, chosen to characterize a state or variety of a language”. Coa súa definición, o autor trata de destacar o feito de que se trata de textos reais e que caracterizan unha variedade ou un estado concreto dunha lingua. A isto engádese a necesidade de que a compilación cumpra unha serie de requisitos mínimos de cantidade e calidade (número de palabras e representatividade), codificación simple e documentación (trazabilidade das fontes orixinais). Ademais, como indica Pearson (1998: 61), os textos deben representar aquilo que se coñece ou que se cre que existe (*factuality*).

Baseándose nun informe realizado por EAGLES (*Expert Advisory Group on Language Engineering Standards*) en 1996, dedicado aos corpus textuais, e en Torruella & Llisterri (1999, 45-77), Corpas (2001: 158-159) presenta unha clasificación dos corpus atendendo a cinco criterios: (i) tipos de textos contidos; (ii) especificidade dos documentos; (iii) cantidade de texto dos documentos; (iv) codificación e anotación e (v) documentación complementaria.³

3. Para unha tipoloxía máis detallada dos corpus, baseada en doce criterios de clasificación (canle de produción, cantidade de palabras, distribución textual, contido, tamaño das mostras, codificación/anotación, documentación, período de tempo, capacidade de actualización, finalidade, selección das mostras e idiomas), véxase Vargas Sierra (2006).

CRITERIO	Tipos de textos	Especificidade	Cantidade de texto	Codificación e anotación	Documentación complementaria
TIPOS DE CORPUS	Corpus extenso	Corpus xeral	Corpus textual	Corpus non anotado	Corpus documentado
	Corpus equilibrado	Corpus especializado	Corpus de referencia	Corpus anotado	Corpus non documentado
	Corpus piramidal	Corpus xenérico	Corpus léxico		
	Corpus monitor	Corpus canónico			
	Corpus paralelo	Corpus cronolóxico			
	Corpus comparábel	Corpus diacrónico			

Figura 1: Clasificación dos corpus lingüísticos. Elaboración propia a partir de Corpus 2001: 157-159.

No que atinxe á construción do corpus, Kennedy (1998: 60) afirma que no seu deseño e compilación resulta primordial garantir a validez e a fiabilidade da investigación realizada a partir del, garantindo que o corpus serve para o obxectivo para o que foi concibido. Así, propón tes variábeis principais que se deberán ter en conta:

- Representatividade: medida en que os textos compilados son representativos dunha determinada lingua ou xénero. Como xa indicara Baker (1995: 239), trátase dun aspecto difícil de determinar e no que entran en xogo cuestión tan subxectivas como o grao de influencia dun texto ou o seu mérito literario. Aínda que existen indicadores máis obxectivos como o número de exemplares distribuídos dun determinado texto, non sempre é posíbel determinar o número de suxeitos que tiveron acceso a cada un deles.
- Nivel de permanencia, é dicir, se se trata dun corpus estático ou dinámico. Como afirma Hunston (2002: 25), constitúe un aspecto relacionado coa representatividade naqueles casos nos que ser representativo implica estar ao día dos últimos avances da linguaxe, como ocorre na incorporación terminolóxica.
- Tamaño: Kennedy (1998: 68) afirma que un corpus grande non ten por que ser necesariamente máis útil ca un pequeno, en especial se o que se desexa medir é a frecuencia de uso de determinadas palabras. Tamén Bowker & Pearson (2002: 45) consideran que o tamaño do corpus é

un factor subordinado a outras variábeis, como son as necesidades do proxecto, a dispoñibilidade de datos e o tempo dispoñíbel. Hunston (2002: 26) engade que o tamaño do corpus dependerá tamén da dispoñibilidade de textos axeitados para o seu procesamento e análise, así como doutros factores como a necesidade de anotación manual. Doutra banda, tan relevante ou máis có tamaño é o número de textos, os seus autores e se se trata de textos completos ou de fragmentos seleccionados. Para os corpus *ad hoc* destinados ao estudo das linguas de especialidade, Bowker e Pearson (2002: 49) recomendan compilar un número elevado de textos completos e, dentro do posíbel, redactados por diferentes autores, en lugar de optar por escoller un número reducido de fragmentos ou textos dun mesmo autor.

Respecto do idioma dos textos compilados, Zanettin (2011: 17) considera que a práctica habitual de excluír os textos traducidos dos corpus monolingües parece derivar da idea de que as traducións non representan unha lingua senón que provocan distorsións nas mostras. No entanto, na súa opinión, a tradución é unha actividade de produción textual lexítima e os textos traducidos forman parte da oferta á que se enfrontan diariamente os falantes dunha lingua. No caso da lingua galega, na que a tradución encuberta (House 1981: 188-211) é unha práctica habitual (García González 2003: 63), a compilación dun corpus puro de textos orixinais resultaría unha tarefa ao mesmo tempo imposíbel e carente de representatividade. No que atinxe aos corpus paralelos compilados especificamente para o estudo da tradución, ben como proceso, ben como produto, Zanettin (2000: 105) indica que existen condicionantes específicos derivados do traballo con textos orixinais e textos traducidos. A procura da representatividade, por exemplo, pode converterse nun problema na compilación de corpus paralelos bidireccionais, dado que os fluxos de tradución entre dous pares de linguas nunca son iguais: non se traduce o mesmo tipo de textos do inglés ao español que do español ao inglés, por exemplo, ao igual que non se traduce o mesmo do español ao galego que do galego ao español. Se se intentase compilar unha mostra de textos representativos das traducións do galego ao español e do español ao galego, o máis probábel é que o corpus resultante non fose comparábel.

Tendo en conta os criterios descritos, para o desenvolvemento do noso estudo compilamos dous corpus *ad hoc*, que Pearson (1998: 48) define como “a special purpose corpus, whose composition is determined by the precise purpose for which it is to be used”. O primeiro deles é un corpus monolingüe especializado, composto por textos informativos de temática económica

extraídos da prensa autonómica en lingua galega e por artigos de investigación. Trátase dun corpus textual, non anotado pero si documentado, de xeito que permita identificar a orixe de cada termo extraído. Está composto por 378.655 palabras extraídas de dous tipos principais de fontes: a revista especializada *Revista Galega de Economía* (249.338 palabras repartidas en 29 artigos) e os xornais *Galicia Hoxe* (44.448 procedentes de 195 noticias), *Vieiros* (38.304 procedentes de 114 noticias), *Praza Pública* (39.856 procedentes de 124 noticias) e *Sermos Galiza* (41.179 procedentes de 178 noticias).⁴ Malia non tratarse dun corpus extenso, consideramos que resulta axeitado para o obxecto de análise e que é representativo do tipo de textos de temática económica de maior consumo. O segundo é un corpus *ad hoc* textual, paralelo, especializado e documentado. Componse dos mesmos 29 artigos extraídos da *Revista Galega de Economía* para o primeiro corpus e das súas correspondentes versións en español (249.513 palabras en galego e 279.262 en español).

Para a extracción dos artigos de prensa seleccionáronse artigos das seccións de economía de cada unha das publicacións relacionados coa crise económica, coa Unión Europea e coa situación económica e laboral de Galiza. Os textos extraídos de *Galicia Hoxe* y *Vieiros* comprenden noticias publicadas entre 2000 e 2011, mentres que os de *Praza Pública* e *Sermos Galiza* comprenden noticias de entre 2012 (ano en que se comezaron a publicar) e 2014. Dentro da revista, os artigos escolléronse entre os anos 2000 e 2014. Ao igual que no caso das noticias, seleccionáronse todos aqueles artigos que trataban algún aspecto da crise económica, todos os que trataban aspectos relativos á Unión Europea, e os que se centraban na situación económica e laboral de Galiza.

No que se refire á lingua orixinal dos textos, de maneira xeral os artigos de *Vieiros*, *Praza Pública* e *Sermos Galiza* están redactados orixinalmente en galego, mentres que os de *Galicia Hoxe* son na súa meirande parte ben adaptacións ben traducións parciais ou totais das noticias do diario autonómico en lingua castelá *El Correo Gallego*. No caso dos artigos da *Revista Galega de Economía*, na publicación recóllense tanto textos redactados orixinalmente en galego e logo traducidos ao español, como textos redactados orixinalmente en español e traducidos despois ao galego. De acordo coas normas de presentación de artigos, no caso de traballos orixinais en lingua galega, os autores deben enviar tamén a versión en castelán e a revista faise cargo da revisión lingüística de ambas as dúas versións, mentres que no caso de orixinais en lingua española, a revista encárgase da tradución ao galego e da revisión lingüística do español.

4. A aplicación dunha *stop list* de palabras con significado gramatical deu como resultado unha cifra definitiva de 212.998 palabras para a extracción de termos.

Malia as consultas realizadas aos editores da publicación, non foi posíbel obter unha relación exacta de cales títulos se corresponden con cada unha desas dúas pautas, se ben as indicacións apuntaba a que son máis frecuentes os casos nos que o orixinal é o español e o galego a tradución. Con todo, consideramos que esta circunstancia non impide o uso do corpus para a investigación presentada, dado que permitirá determinar se existen correlacións no uso dos termos nunha e outra lingua. Nese sentido, de acordo con Baker (2004: 172), entre as características diferenciais que a teoría da tradución atribuíu tradicionalmente ao texto traducido fronte ao orixinal, inclúense a tendencia cara a un uso máis conservador da linguaxe, a preferencia por formas estándar fronte a variantes e rexionalismos, o emprego dunha variedade lixeiramente máis formal e a produción de textos máis “uniformes” evitando, por exemplo, a alteración das secuencias temporais. Cabe comprobar se estas características diferenciais se identifican entre pares de linguas tan próximas estruturalmente como son o galego e o español, en especial respecto do uso de estranxeirismos, préstamos adaptados e calcos semánticos. De detectárense diferenzas no tratamento dos termos nuns artigos e non noutros, esta circunstancia podería ser indicativa da existencia de comportamentos diverxentes entre autores e tradutores, o que podería xustificar unha ampliación do corpus e do estudo. Cómpre ter en conta, doutra banda, que a presenza da autotradución pode contrarrestar esta tendencia, en tanto que o autor actúa ante o seu propio texto de maneira diferente a como o faría un tradutor.

3.2 *Explotación dos corpus*

Para a localización dos estranxeirismos, préstamos adaptados, calcos semánticos e castelanismos no primeiro corpus aplicáronse dúas metodoloxías diferentes. En primeiro lugar, realizouse a procura dunha selección inicial de estranxeirismos, préstamos e calcos do inglés, para a cal se partiu da selección inicial realizada por Orts & Almela (2009) nun traballo de corte similar realizado para a lingua española, que se completou co *Glosario Financiero de la Crisis de la BBC*, o *Diccionario Básico de la Crisis de Expansión* e o *Diccionario de términos económicos y financieros* de La Caixa. A mesma metodoloxía utilizouse para a identificación de castelanismos, recorrendo neste caso á obra *Lingua galega: dúbidas lingüísticas*, da ANL da Universidade de Vigo, que ofrece un listado dos castelanismos de uso máis frecuente na lingua galega. As dúas procuras realizáronse empregando o programa de concordancias gratuíto AntConc 3.2.4., cuxa ferramenta Concordance nos permitiu procurar cada un dos termos da selección inicial en todos os textos compilados, contabilizar o número de aparicións, consultar o contexto de uso do termo e determinar o

texto do corpus ao que pertencía. Trala procura no corpus de todos os termos do listado inicial, empregamos a ferramenta Wordlist do programa de concordancias para xerar un listado de todas as palabras clasificadas por orde de incidencia, para desta forma comprobar a presenza doutros estranxeirismos, préstamos, calcos semánticos e castelanismos que non incluíramos nos nosos listados iniciais.

Por último, e como complemento á procura dos termos nos textos compilados, procedeuse a comprobar a presenza de cada un deles nunha serie de corpus e recursos lexicográficos da lingua galega, co obxecto de determinar o seu grao de normalización na lingua:

- CORGA (*Corpus de referencia do galego actual*) (1975-2014) Área: economía (CORGA).
- *Vocabulario galego de economía* (2005) (VGE).
- *Novas palabras galegas* do OLG da Universidade de Vigo (2005) (NPG).
- CLUVI: *corpus lingüístico paralelo da Universidade de Vigo* (até 2006) (CLUVI).⁵
- CTG: *corpus técnico do galego* (até 2006) (CTG).

No caso do segundo corpus, o obxectivo era comparar o uso dos estranxeirismos, préstamos adaptados e calcos semánticos identificados nos documentos en galego do primeiro corpus, concretamente nos artigos de investigación, co seu uso nas versións en español deses mesmos artigos. Neste caso, a comparación realizouse de maneira manual, dado que unha vez localizados os termos nos artigos en galego, a súa procura no artigo en español correspondente podía realizarse doadamente sen axuda de software específico. No entanto, para contrastar os resultados, procedeuse a procesar as versións en español dos artigos de maneira independente coa ferramenta Word list de AntConc 3.2.4, co fin de determinar se se detectaban nesas versións tanto outras aparicións dos termos identificados en galego, como aparicións doutros estranxeirismos, préstamos ou calcos semánticos que non estivesen presentes nas versións galegas.

4. Resultados e discusión

A continuación, presentamos e analizamos os resultados obtidos a partir da explotación dos dous corpus compilados no que se refire á presenza de estranxeirismos, préstamos adaptados, calcos semánticos e castelanismos. Para

5. Dentro do CLUVI, a procura realizouse unicamente no corpus EGAL, de economía galego-español.

facilitar a lectura dos resultados, principalmente os do primeiro corpus, e o seu uso como fonte de referencia na aula de tradución económica, represéntanse por medio de táboas todas as aparicións de estranxeirismos (táboa 2), calcos semánticos (táboa 3), préstamos adaptados (táboa 4) e castelanismos (táboa 5).

4.1. Estranxeirismos

A táboa 2 amosa todos os estranxeirismos localizados no corpus monolingüe, clasificados polo tipo de texto no que aparecen, a frecuencia de aparición e a presenza do termo nas fontes de referencia consultadas. Márcanse en negra os termos que foron localizados nos dous tipos de textos. Nos casos nos que non existe en lingua galega un equivalente acuñado para substituír o termo, emprégase a indicación ‘non aplicábel’ (N/A) na casa correspondente á frecuencia de uso.

Tipo de termo Estranxeirismo/ Equivalente	Textos xornalísticos		Artigos de revista		Fontes de referencia
	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Fonte (frecuencia)
beneficiary ⁶ /beneficiario	0	0	4	11	
bonus/retribución	3	0	2	0	
boom/auxe	86	196	12	4	NPG, CORGA(33)
broker/comisionista	1	0	4	0	NPG, CORGA(5), CTG(1)
business angels	0	N/A	1	N/A	
cash flows/fluxos de caixa	0	0	3	13	NPG, CORGA(14)
cash surrender value	0	N/A	1	N/A	
confirming	1	N/A	0	N/A	
credit crunch/crise de liquidez	3	2	1	1	
dealer/mediador	4	0	0	0	
dumping/afundimento de prezos	29	0	0	0	NPG, CORGA(12), VGE, CTG(5)
factoring	1	0	0	0	
fair market	0	N/A	1	N/A	
gap	0	N/A	1	N/A	

6. Empregado en conexión con *trust*. Recóllese a frecuencia de ‘beneficiario’ en galego cando se emprega en contextos similares.

hedge fund/fondo de cobertura	3	2	3	0	
holding/conglomerado	49	0	13	12	NPG, CORGA(33), CLUVI(1), CTG(3)
holdout (fondo voire) ⁷	8	N/A	0	N/A	
input	2	N/A	6	N/A	CORGA(12)
joint venture/empresa temporal	2	0	3	0	CTG(2)
leasing/arrendamento financeiro	5	6	2	0	CORGA(14)
leverage/apancamento	0	1	0	103	
management/xestión	3	3	0	99	
matching	0	N/A	1	N/A	
mobbing/acoso psicolóxico	146	0	88	20	CORGA(2)
offshore/extraterritorial, con vantaxes fiscais, inscrita nun paraíso fiscal, no estranxeiro	1	0	15	0	
output	2	N/A	2	N/A	CORGA(16)
output gap	0	N/A	2	N/A	
parent/matriz	0	0	4	7	
préstamo bullet	1	N/A	0	N/A	
rating/cualificación	26	9	5	0	CORGA(4), CLUVI(5), CTG(3)
renting	4	N/A	0	N/A	
safe havens	0	N/A	1	N/A	
setlor	0	N/A	2	N/A	
shock	0	N/A	31	N/A	
soft law	0	N/A	3	N/A	
spin-off	21	N/A	2	N/A	CORGA(13)
spin-out	0	N/A	1	N/A	
stakeholder/grupo de interese	0	3	30	9	
stock/reservas	6	2	12	2	CORGA(56)
subprime/baixa calidade, alto risco	24	1	3	1	CORGA(1)
swap/permuta	8	0	9	3	CORGA(3), CLUVI(1), CTG(7)
tax lease/arrendamento fiscal	71	0	0	0	

7. Véxase táboa 3: calcos semánticos.

treaty shopping	0	N/A	5	N/A	
trust/fideicomiso – fondo fiduciario	3	0	26	4	CORGA(7)
trustee / fideicomisario	0	0	4	0	

Táboa 2: Estranxeirismos localizados no corpus 1 por orde alfabética

Como se pode observar (gráfico 1), a presenza de estranxeirismos é máis abundante nos artigos de investigación, nos que se rexistrou a presenza de 35 dos 45 termos detectados, fronte aos 27 rexistrados nas noticias de prensa. No entanto, as repeticións tenden a ser máis frecuentes nas noticias de prensa (gráfico 2), máis se temos en conta que, nalgúns casos, as repeticións nos artigos de investigación corresponden a un mesmo texto.

Como xa se indicou, os termos marcados en negra na táboa 2, 18 dos 45 totais, foron localizados en ambos os dous tipos de textos. En sete deles (*bonus*, *credit crunch*, *hedge fund*, *joint venture*, *leasing*, *output* e *swap*) no se aprecian diferenzas importantes no número de repeticións dun tipo de fonte á outra. Seis dos termos (*boom*, *holding*, *mobbing*, *rating*, *spin-off* e *subprime*) presentan un número moi superior de repeticións nos textos xornalísticos fronte aos artigos de investigación, mentres que cinco deles (*broker*, *input*, *offshore*, *stock* e *trust*) se empregan con maior frecuencia nos artigos de investigación. Con todo, como se pode comprobar na táboa, as diferenzas de frecuencia dunha fonte a outra son menores neste último grupo de termos.




Gráfico 1: Presenza global de estranxeirismos por tipo de texto




Gráfico 2: Repetición de extraneísmos por tipo de texto

Os extraneísmos cun maior número de repeticións nos artigos de investigación (*mobbing*, *shock*, *trust*, *stakeholder*, *offshore*, *holding*, *boom* y *stock*) son na súa meirande parte neoloxismos incorporados á lingua antes da crise. Son os extraneísmos asociados á crise, cuxo uso se popularizou nos últimos anos, os que aparecen ben en ambos os dous tipos de textos (*hedge fund*, *credit crunch*, *swap*) ben só nos textos xornalísticos (*rating*, *subprime*, *tax lease*). En xeral, a presenza dos extraneísmos é escasa no CORGA (11) e mínima no resto dos corpus de referencia consultados (5 en NPG, 5 en CTG, 1 en VGE e 2 en CLUVI).

No que atinxe á distribución dos termos dentro dos textos, en varios casos todas as repeticións dun estranxeirismo se concentran nun mesmo artigo de investigación (*mobbing*, *trust*, *swap*). Tamén nos artigos de investigación, os estranxeirismos concéntranse principalmente en artigos de temática internacional e adoitan aparecer explicados ou acompañados dunha proposta de tradución, en consonancia co carácter académico dos textos (exemplo 1). En ocasións, é o termo inglés o que se utiliza para ampliar o termo galego, cando se considera que non está suficientemente asentado (exemplos 2 e 3). Ademais, moitos aparecen utilizados de maneira indistinta xunto ao termo galego correspondente no mesmo artigo: ex. *parent* /*matriz* (exemplos 4 e 5)

Ex. 1: *o termo stakeholder ou grupo de interese foi definido por Freeman (1984) como “aquelas persoas, grupos ou organizacións que manteñen unha relación directa ou indirecta coa empresa e que, polo tanto, poden verse afectados polas decisións e accións da organización, e que reciprocamente poden influír ou exercer poder nela”* (RGE) (noso subliñado).

Ex. 2: *Os créditos hipotecarios estadounidenses de baixa calidade (subprime) desenvolvéronse con extraordinaria rapidez debido principalmente á abundancia de crédito derivada do exceso de liquidez mundial* (RGE) (noso subliñado).

Ex. 3: *Por outro lado, as axencias de cualificación de risco (rating agencies) tampouco fixeron ben o seu traballo e, ademais, seguiron sendo un oligopolio estadounidense* (RGE) (noso subliñado)

Ex. 4: *[...] non podemos, porén, realizar a tradicional análise dun proxecto de investimento internacional tanto desde a óptica local como desde a do parent cando se trata dun proxecto de investimento directo ou real* (RGE) (noso subliñado).

Ex. 5: *[...] os fondos poden ser enviados á empresa matriz, reinvestidos ou transferidos como préstamos ás filiais* (RGE) (noso subliñado).

Pola contra, nos textos xornalísticos, os estranxeirismos recóllense en diferentes noticias e en todas as publicacións, se ben é certo que se detecta un maior número deles nas fontes máis recentes (*Praza Pública* e *Sermos Galiza*), agás no caso de *rating* e *subprime*, que se rexistran con igual frecuencia en todos os xornais. Chaman especialmente a atención os termos *dumping* e *holding*, os cales, malia ser anglicismos xa identificados por Araya & Gómez Clemente no seu estudo de 1999, non se documentaron nin nos textos extraídos de *Vieiros* nin nos de *Galiza Hoxe*.⁸ En xeral, os termos adoitan aparecer integrados no

8. Esta ausencia non semella corresponderse co uso do termo na actualidade, xa que unha consulta a través da ferramenta de procura do sitio web de *Galiza Hoxe* permitiu recuperar 113 noticias nas que se empregaba o termo *holding* e 137 nas que se utilizaba o termo *dumping*, se ben as máis antigas eran de 2007 e a meirande parte delas databan de despois de 2011. Isto podería ser indicador dun cambio nos patróns de incorporación de estranxeirismos nos últimos anos, algo que debería confirmarse cun estudo diacrónico máis específico.

texto sen ningún tipo de definición, ampliación ou tradución (exemplos 6 e 7), e o emprego de marcas ortotipográficas cos estranxeirismos responde a patróns irregulares incluso dentro da mesma publicación (exemplos 8-11), o que indica que non están totalmente asentados na lingua e que as publicacións carecen de criterios unificados para o seu tratamento.

Ex. 6: A “medida estrela” do executivo de Bush sería a creación dunha axencia pública que se vai facer cargo das hipotecas subprime que lastran gravemente as entidades financeiras (vieiros.com) (noso subliñado).

Ex. 7: A axencia Fitch baixa o rating do Popular, no que se integrou o Pastor (Galicia Hoxe) (noso subliñado).

Ex. 8 A CIG oponse á venda de Novagalicia Banco ao fondo Guggenheim, ao que cualifica como “especulativo” e responsabiliza de ser un dos máximos responsábeis da crise das ‘subprime’ (Sermos Galiza) (noso subliñado).

Ex. 9 [...] poucos meses antes de que estoupara nos USA a crise das hipotecas subprime (Sermos Galiza) (noso subliñado).

Ex. 10 [...] a pesar das rebaixas de nota por parte das axencias de ‘rating’ (Galicia Hoxe) (noso subliñado).

Ex. 11 [...] que non se conceda a unha axencia de rating o privilexio de determinar se a decisión do Eurogrupo é un éxito ou un fracaso (Galicia Hoxe) (noso subliñado).




Gráfico 3: Coexistencia de estranxeirismo e equivalente en textos xornalísticos




Gráfico 4: Coexistencia de estranxeirismo e equivalente en artigos de revista

No que respecta á coexistencia do estranxeirismo e o seu equivalente en galego (en aquelas ocasións nas que existe e se documentou a súa presenza), os datos extraídos do corpus indican que, nos textos xornalísticos (gráfico 3), en xeral o uso do estranxeirismo prevalece por riba do equivalente galego, agás nos casos dos termos *credit crunch*, un termo que podemos considerar relativamente técnico, e *boom*, cuxa frecuencia de uso é inferior á de *auxe*. Destaca, principalmente, o uso de *mobbing* fronte a acoso psicolóxico ou acoso laboral, *holding* fronte a conglomerado, *tax lease* fronte a arrendamento fiscal, *rating* fronte a cualificación, *dumping* fronte a afundimento de prezos y *subprime* fronte a lixo.

Nos artigos de investigación (gráfico 4), pola contra, rexístranse máis casos nos que se emprega con case igual ou maior frecuencia o termo equivalente (fluxos de caixa fronte a *cash flow*, conglomerado fronte a *holding*, matriz fronte a *parent*) e casos nos que non se rexistra o uso do estranxeirismo e si o do equivalente (xestión fronte a *management*, apancamento fronte a *leverage*). Con todo, rexístranse tamén casos nos que o estranxeirismo prevalece por riba

do equivalente (*trust* fronte a fideicomiso, *swap* fronte a permuta, *stock* fronte a reservas), mesmo en casos nos que poderíamos considerar que se trata de estranxeirismos innecesarios (*stakeholder* fronte a grupos de interese, *hedge fund* fronte a fondo de cobertura, *offshore* fronte a extraterritorial, libre de impostos, en paraíso fiscal, etc.)

4.2. Calcos semánticos

Malia que a presenza de calcos semánticos (táboa 3) é similar en ambos os dous tipos de textos, os de maior frecuencia, os relacionados coa crise, presentan máis repeticións nos textos xornalísticos. A meirande parte dos calcos consultados documentáronse no CORGA, que cubre textos até 2014, o que indica que se trata de termos empregados na lingua, mais son poucos os que aparecen no resto de fontes de referencia, probablemente debido á antigüidade destas. Así sucede, por exemplo, cos termos fondo voitre, bono lixo, banco malo e activo tóxico, voces que aparecen nos textos xornalísticos e non se recollen nos artigos de investigación. Tamén é o caso de prima de risco, a voz con maior frecuencia de uso de todas as analizadas, cuxa aparición só se rexistrou unha vez no corpus técnico do galego, e ningunha no CLUVI, no VGE nin no NPG. Se ben burbulla e rescate poderían considerase excepcións a esta tendencia, xa que si aparecen no CTG (burbulla tamén no VGE), cómpre termos en conta que se trata de voces xerais que ampliaron o seu significado, o que xustifica a súa presenza nas fontes de referencia. Con todo, os datos relativos á súa presenza no CORGA, sección economía (76 para *burbulla* y 319 para *rescate*), indica que son préstamos empregados con frecuencia en textos de temática económica. Os dous termos máis técnicos rexistrados, apancamento e titulización, pola súa banda, só se empregan nos artigos de investigación, o que resulta coherente co tipo de texto e o seu destinatario.

Só en dous casos (bancarrota e activo tóxico) constatouse a presenza dun equivalente autóctono do termo no corpus, con tratamentos diferentes. Así, o termo bancarrota, que só se identificou en textos xornalísticos, aparece substituído en moitos casos polo termo quebra ou creba, que é o único documentado nos artigos de investigación. Pola contra, o termo activo tóxico emprégase preferentemente fronte á opción activo deteriorado, cuxo uso só se rexistra unha vez nos textos xornalísticos e outra nos artigos de investigación.

Tipo de termo Calco	Texto xornalístico		Artigo de investigación		Referencias
	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Fonte (frecuencia)
acordo marco	7	N/A ⁹	1	N/A	CORGA(23); NPG
activo tóxico/ deteriorado	35	1	0	1	CORGA(19)
alcista	0	N/A	6	N/A	CORGA(35), CLUVI(2), CTG(44)
apancamento	0	N/A	10	N/A	CTG(1)
baixista	0	N/A	1	N/A	CORGA(17), CLUVI(2), CTG(8)
bancarrota/quebra	26	106	0	16	CORGA(40), VGE, CTG(1)
banco malo	26	N/A	0	N/A	CORGA(8)
bono/hipoteca lixo	10	N/A	1	N/A	CORGA(4), CTG(1)
burbulla	56	N/A	24	N/A	CORGA(76), VGE, CTG(14)
capital risco	23	N/A	1	N/A	CORGA(49), CLUVI(16), CTG(10)
fondo voitre	12	N/A	0	N/A	
liña de crédito	17	N/A	0	N/A	CORGA(11), CLUVI(1), CTG(2)
OPA	11	N/A	0	N/A	CORGA(90)
prima de risco	155	N/A	11	N/A	CORGA(22), CTG(1)
rescate	69	N/A	8	N/A	CORGA(319), CTG(41)
risco cambiario	9	N/A	16	N/A	VGE, CLUVI(2)
titulización	0	N/A	10	N/A	CORGA(4), CLUVI(5), CTG(20)
valor nominal	4	N/A	3	N/A	CORGA(10), Vg2, CLUVI(6), CTG(22)

Táboa 3: Calcos semánticos localizados no corpus 1 ordenados por orde alfabética

9. Ao igual que na táboa 2, naqueles casos nos que non existe en lingua galega un equivalente acuñado para substituír o termo, emprégase a indicación “non aplicable” na casa correspondente á frecuencia de uso.

4.3. *Préstamos adaptados*

A presenza de préstamos adaptados nos textos do corpus é moi escasa (táboa 4) e os poucos que se puideron rexistrar correspóndense con termos en xeral moi asentados na lingua e que, polo tanto, poderíamos recoñecer como préstamos mais non como neoloxismos.

Tipo de termo Préstamo adaptado	Texto xornalístico		Artigo de investigación		Referencias
	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Frecuencia do termo	Frecuencia do equivalente	Fonte ¹⁰
absentismo	1	N/A	1	N/A	DRAG
auditoría	14	N/A	4	N/A	DRAG
boicot	1	N/A	0	N/A	DRAG
consultoría	5	N/A	3	N/A	DRAG
deflación	22	N/A	4	N/A	DRAG
inflación	42	N/A	57	N/A	DRAG
status/estatus ¹¹	1	1	4/4	7/7	DRAG/CORGA (76) CTG (100), CLUVI (1),

Táboa 4: Préstamos adaptados localizados no corpus 1 por orde alfabética

4.4. *Castelanismos*

Aínda que, estritamente, os castelanismos poderían considerarse estranxeirismos, os resultados do noso estudo indican que na súa meirande parte constitúen, tal e como indicaban Araya & Gómez Clemente (1999: 135) interferencias por descoñecemento das solucións autóctonas. Por ese motivo, tomouse a decisión de presentalos de maneira illada, no canto de fusionalos cos estranxeirismos.

Tal e como se amosa na táboa 5, a excepción do termo *plantilla* en lugar de cadro de persoal, que se detectou nun artigo de investigación, só se detectaron castelanismos nos textos xornalísticos. A procura específica de castelanismos habituais na linguaxe económica galega, como son *presuposto* (orçamento), *apalancamiento* (apancamento), *inversor* (investidor), *devengo* (devindicación)

10. Ao se tratar de termos xa asentados na lingua galega, atopáronse todos no *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG), razón pola cal non se determinou a súa presenza noutras fontes de referencia, agás no caso de 'estatus' (véxase nota 11).

11. Anglicismo de orixe latina. O *Diccionario da Real Academia Galega* recoñece a forma sen adaptar mais non a forma adaptada. No entanto, si se recolle a forma 'estatus' no CORGA, no CTG e no CLUVI, e no corpus documentáronse ambas as dúas, cunha lixeira diferenza a favor da forma adaptada nos artigos de investigación.

ou *intereses* (xuros) non produciu ningunha coincidencia nos artigos de investigación do corpus, o que pode explicarse polo proceso de revisión ao que se someten os traballos en galego (sexan orixinais ou traducións) antes da súa publicación. Tres dos castelanismos inicialmente seleccionados, *bursátil*, *rentabilidade* e *subasta*, non se rexistraron en ningún dos dous tipos de textos, mentres que outros, como *calificación* ou *venta*, rexistraron un número de aparicións moi baixo. Por último, a frecuencia de uso do termo correcto galego é máis frecuente en todos os casos e rexistrouse o seu uso tanto en prensa como en artigos de investigación para todos eles con excepción de *apancamento*, empregado só no segundo tipo de textos.

Unha excepción salientábel constituía o castelanismo *devengar*, único rexistrado fronte ao termo galego *devindicar*, cuxo uso non se puido rexistrar en ningún tipo de texto. A súa ausencia, porén, débese probabelmente a que se trata dun neoloxismo incorporado aos dicionarios en 2011 (RAG, en liña), mentres que *devengar* e *devengo*, malia ter historicamente a consideración de castelanismos, son as formas empregadas en moitos textos legais traducidos do castelán ao galego, entre eles os Plans xerais de contabilidade de 1990 e 2007.

Castelanismo ¹²	Termo galego	Frecuencia do castelanismo	Frecuencia do termo galego	Fonte do castelanismo	Fonte do termo galego
*intereses	xuros	18	193	Xornal	Xornal/Artigo
pago	pagamento	9	54	Xornal	Xornal/Artigo
presuposto	orzamento	7	120	Xornal	Xornal/Artigo
*devengar/ devengo	devindicar/ devindicación	6	0	Xornal	N/A
*producto	produto	6	398	Xornal	Xornal/Artigo
inversor/ inversión/	investidor/ investimento	4	347	Xornal	Xornal/Artigo
*venta	venda	4	57	Xornal	Xornal/Artigo
*calificación	cualificación	2	98	Xornal	Xornal/Artigo
*apalancamiento	apancamento	1	10	Xornal	Artigo
*plantilla	cadro de persoal	1	9	Artigo	Xornal/Artigo
*bursátil	bolsista	0	4	N/A	Xornal/Artigo
*rentabilidade	rendibilidade	0	49	N/A	Xornal/Artigo
*subasta	poxa	0	4	N/A	Xornal/Artigo

Táboa 5: Castelanismos localizados no corpus 1 por orde de frecuencia de aparición

12. Sinálanse na táboa cun asterisco os castelanismos que non están aceptados como correctos no *Diccionario da Real Academia Galega*.

Dentro dos textos xornalísticos, os castelanismos son igual de frecuentes nos que son traducións de textos redactados orixinariamente en español (*Galicia Hoxe*) que nos aparentemente redactados en galego. Cabería analizar en que medida isto é debido á práctica de tradución encuberta, aínda moi enraizada en certos sectores da vida pública galega, como xa se indicou no apartado 3.1.

4.5. *Análise do corpus bilingüe*

Para analizarmos o segundo corpus, partimos do listado de estranxeirismos, préstamos adaptados e calcos semánticos rexistrados nos artigos de investigación en lingua galega do primeiro corpus e comprobamos cada unha das aparicións nas versións españolas dos mesmos artigos. O número de aparicións rexistradas foi exactamente o mesmo en ambas versións para todos os termos. A procura de máis repeticións dos termos, así como de termos non rexistrados nos artigos en galego foi igualmente infrutuosa. Esta circunstancia parece estar en contradición coa teoría de Baker (2004: 172) respecto da tendencia cara a un uso máis conservador da lingua na tradución e confirma a nosa hipótese (cf. apartado 3.1) de que dita tendencia podería non darse no caso de linguas estruturalmente moi próximas, como son o galego e o castelán. Cómpre ter en conta o feito de que, como se acaba de indicar, a coincidencia foi do 100%, o que descarta a posibilidade de que as coincidencias se localizasen unicamente nos casos de autotradución, mentres que as traducións realizadas por un terceiro se afastasen desta práctica. Con todo, considérase necesario realizar un estudo detallado cun corpus máis extenso de orixinais e traducións compostos por tipos de textos diferentes, xa que a procedencia de todos os textos dunha mesma publicación puido contribuír a nesgar os resultados.

5. Conclusións

Trala compilación e revisión dos corpus, seguidas da análise dos datos obtidos, formulamos a continuación unha serie de conclusións preliminares que, necesariamente, deberán ser corroboradas con estudos máis amplos tanto en número de palabras como en tipos de textos estudados.

En primeiro lugar, no que atinxe aos mecanismos de incorporación de neoloxismos á lingua galega, malia a importancia do neoloxismo de préstamo nas linguas de especialidade, os resultados non permiten afirmar que superase ao de forma na incorporación de neoloxismos á lingua galega. Amais, tendo en conta os resultados da análise do segundo corpus, así como os resultados de traballos previos (Orts & Almela 2009; Orts & Almela 2012), non se detectan

diferenzas respecto dos patróns de incorporación de termos económicos na lingua española.

Canto ás tendencias por tipos de textos e a súa utilidade para os estudantes de tradución, os resultados semellan indicar que a utilización de estranxeirismos nos artigos de investigación responde a unha decisión consciente do autor, que en ocasións os emprega de maneira indistinta có termo equivalente e en moitos casos de maneira complementaria. Este emprego perpetúase na versión traducida do texto, tanto se se trata de autotradución como en artigos traducidos pola propia revista. Isto permite confirmar este emprego consciente dos termos e a probabilidade de que os autores non visen con agrado o feito de que unha tradución realizada por terceiros non respectase este uso. Con todo, a presenza de estranxeirismos neste tipo de textos revélase como pouco frecuente en termos xerais, polo que os estudantes e futuros tradutores deben intentar limitar o seu uso a aqueles casos en que se trate de voces moi especializadas ou que carezan un equivalente exacto. Doutra banda, o uso de estranxeirismos nos artigos de investigación acompañados de propostas de tradución para eles converte estes artigos nunha importante fonte de referencia, non só informativa senón tamén terminolóxica, que os estudantes deberían ter en conta fronte a fontes tradicionais menos produtivas como dicionarios e glosarios noutras linguas ou textos tirados da internet.

Fronte ao uso que se fai deles nos artigos de investigación, a presenza de estranxeirismos e calcos semánticos nos artigos xornalísticos responde á urxencia por elaborar o texto ou ao descoñecemento da existencia dun termo galego equivalente asentado na lingua. Non se empregan estranxeirismos cando existen termos galegos xa acuñados, como é o caso de 'matriz' fronte a *parent*. Nese sentido, e aínda que a fiabilidade dos textos xornalísticos como fonte de referencia é baixa, por tratárense de textos redactados polo xeral por persoas non expertas en economía, cómpre ter en conta que constitúen un reflexo da lingua á que están expostos os non expertos en materia económica. Por este motivo, o seu emprego como fontes de referencia non é descartábel cando se traduzan textos informativos ou de divulgación dirixidos a non expertos.

Doutra banda, dende o punto de vista metodolóxico, a sinxeleza da metodoloxía empregada convértea nunha ferramenta de grande utilidade na aula de tradución económica inglés-galego. En concreto, a súa aplicación pode permitir aos estudantes reflexionar en primeira persoa sobre a pertinencia de empregar ou non un termo en función dos resultados acadados a partir da súa propia procura, no canto de basearse en fontes de referencia en lingua castelá ou portuguesa, práctica habitual no contexto da tradución económica cara á lingua galega. Malia que xa se realizaron algunhas experiencias didácticas

neste sentido, os resultados exceden os obxectivos deste estudo, polo que serán obxecto de traballos futuros.

Con todo, de cara ao futuro, faise imprescindible unha ampliación e diversificación dos dous corpus utilizados, que permita ratificar ou contrastar as conclusións necesariamente preliminares aquí recollidas. En concreto, prevese a ampliación do corpus de artigos de investigación a partir de traballos publicados noutras fontes, así como a ampliación retrospectiva e actualización continua do corpus de textos xornalísticos, para medir a evolución da terminoloxía económica experimentada nos anos pasados e a se vaia producindo nos próximos anos, nun momento no que a presenza de noticias sobre a crise económica semella ir atenuándose.

Referencias bibliográficas

- ARAYA, Raúl & Xosé María Gómez Clemente. (1999) "Aspectos lingüísticos da neoloxía na lingua galega." En López, Ana Cristina & Cristina Martins (eds.) *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística* (Aveiro, 28-29 de setembro de 1998). 2 vols. Braga: Associação Portuguesa de Lingüística, pp. 135-160.
- AUGER, Pierre & Louis Jean Rousseau. (1978) *Méthodologie de la recherche terminologique*. Quebec: Office de la langue française.
- BAKER, Mona. (2004) "A corpus-based view of similarity and difference in translation." *International Journal of Corpus Linguistics* 9:2, pp.167-193.
- BAKER, Mona. (1995) "Corpora in Translation Studies." *Target* 7:2, pp. 223-243.
- BOWKER, Lynne & Jennifer Pearson. (2002) *Working with Specialized Language: a practical guide to using corpora*. London: Routledge.
- BBC MUNDO. (2008) Glosario financiero de la crisis Versión electrónica: <http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/specials/2008/crisis_financiera/newsid_7330000/7330957.stm>
- CABRE, María Teresa; Judit Freixa & Elisabet Solé. (1999) "À la limite des mots construits possibles." En Corbin, Danielle et al. (eds.) *Mots possibles et mots existants. Forum de morphologie. Actes du Colloque de Villeneuve de Ascq (28-29 avril 1997)*, publications de l'U.R.A., 382 du CNRS (SILEX), Université de Lille III, pp. 65-78.
- CORPAS, Gloria. (2001) "Compilación de un corpus *ad hoc* para la enseñanza de la traducción inversa especializada." *Trans* 5, pp.155-184.
- CRYSTAL, David. (2011) "The Consequences of Global English." En: Powell-Davis, Phillip (ed.) 2011. *Word for Word: The social, economic and political impact of Spanish and English*. Madrid: Santillana, Instituto Cervantes e the British Council, pp. 67-72.

- EAGLES. (1996) "Preliminary Recommendations on Corpus Typology". Documento EAGLES (Expert Advisory Group on Language Engineering). EAGTCWG-FR2. Versión electrónica: <<http://www.ilc.cnr.it/EAGLES/cor-pustyp/cor-pustyp.html>>
- EOSA CONSULTORES. (2008a) *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito dos medios de comunicación*. Santiago: Observatorio da Lingua Galega. Versión electrónica: <http://www.observatoriodalinguagalega.org/files/OLG_informe_mediosdecomunicacion.pdf>
- EOSA CONSULTORES. (2008b) *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito da educación*. Santiago: Observatorio da Lingua Galega. Versión electrónica: <http://www.observatoriodalinguagalega.org/files/OLG_informe_educacion.pdf>
- EOSA CONSULTORES. (2007) *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito da economía e a empresa*. Santiago: Observatorio da Lingua Galega. Versión electrónica: <http://www.observatoriodalinguagalega.org/files/OLG_informe_economiaempresa.pdf>
- EXPANSIÓN. (2008) *Diccionario básico de la crisis*. Versión electrónica: <<http://www.expansion.com/2008/03/02/inversion/1095784.html>>
- FIEDLER, Sabine. (2011) "The Sky is the Limit: The Influence of English on German Phraseology." En: Szerszunowicz, Joanna; Boguslaw Nowowiejski; Yagi Katsumasa & Kanzaki Takaaki (eds.) 2011. *Focal Issues of Phraseological Studies*. Bialystok: University of Bialystok Publishing House, pp. 247-268.
- FURIASSI, Cristiano; Virginia Pulcini & Félix Rodríguez González. (2012) "The lexical influence of English on European languages: From words to phraseology." En: Furiassi, Cristiano; Virginia Pulcini & Félix Rodríguez González (eds.) 2012. *The Anglicization of European Lexis*. Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins, pp. 1-24.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Marta. (2013) *Adaptaciones lingüísticas y culturales en la localización de sitios web como elementos clave en la estrategia de internacionalización empresarial*. Vigo: Universidade de Vigo. Trabajo de fin de máster inédito.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Marta. (2002) "El paper de la traducción en la normalización de la lengua gallega." En: Diaz Fouces, Oscar; Joan Costa Carreras & Marta García González (eds.) 2002. *Traducción i dinámica sociolingüística*. Barcelona: Llibres de l'index, pp. 55-84.
- GUERRERO RAMOS, Gloria. (1997) *Neologismos en el español actual*. Madrid: Arco Libros.
- GIMÉNEZ, Eduardo Luis & Francisco Xavier Lores. (2005) *Vocabulario de economía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de publicacións.
- HOUSE, Julianne. (1981) *A Model for Translation Quality Assessment. Second Edition*. Tübingen: Narr.

- HUNSTON, Susan. (2002) *Corpora in Applied Linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- KENNEDY, Graeme. (1998) *An Introduction to Corpus Linguistics*. Londres: Longman.
- LA CAIXA. (2011) Diccionario de términos económicos y financieros. Versión electrónica: <https://portal.lacaixa.es/docs/diccionario/A_es.html>
- LÓPEZ FERNÁNDEZ, Susana et al. (2005) *Novas palabras galegas: repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e internet*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de publicacións.
- MARTÍ SOLANO, Ramón. (2012) "Multi-word Loan Translations and Semantic Borrowing." En: Furiassi, Cristiano; Virginia Pulcini & Félix Rodríguez González (eds.) *The Anglicization of European Lexis*. Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins, pp. 199-216.
- NOGUEIRA, Alba. (2013) *Investigación e lingua: Propostas para a mellora do galego na actividade científica*. Vigo: Universidade de Vigo.
- ONCÍNS MARTÍNEZ, José Luis. (2009) "Towards a Corpus-Based Analysis of Anglicisms in Spanish: A Case Study." *International Journal of English Studies*, número especial 2009, pp. 115-132.
- ONCÍNS MARTÍNEZ, José Luis. (2012) "Newly-Coined Anglicisms in Contemporary Spanish." En: Furiassi, Cristiano; Virginia Pulcini & Félix Rodríguez González (eds.) 2012. *The Anglicization of European Lexis*. Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins, pp. 217-238.
- ONCÍNS MARTÍNEZ, José Luis. (2014) "English Idioms Borrowed and Reshaped: The Emergence of a Hybrid Metaphor in Spanish." En: Mussolf, Andreas; Fiona MacArthur & Julio Pagani (eds.) 2014. *Metaphor and Intercultural Communication*. Londres/Nova York: Bloomsbury, pp. 149-155.
- ORTS, María Ángeles & Ángela Almela. (2009) "Translating the Spanish Economic Discourse of the Crisis: Dealing with the Inevitability of English Loanwords." *International Journal of English Studies: Recent and Applied Corpus-Based Studies*, número especial, pp. 133-157.
- ORTS, María Ángeles & Ángela Almela. (2012) "Deep into the discourse of the Spanish crisis: The deployment of English lexical incorporations to translate the untranslatable." *Ibérica: Revista de la Asociación Europea de Lenguas para Fines Específicos* 23, pp. 89-108.
- PEARSON, Jennifer (1998) *Terms in Context*. Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins Publishing.
- RAG. (en liña) *Destaques comentados: Devindicar e Devindicación*. Versión electrónica: <<http://academia.gal/>>
- RODRÍGUEZ, Anair & Montserrat Davila Ventura. (2004) *Lingua galega: dúbidas lingüísticas*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de publicacións.

- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Félix. (2004) “Calcos y traducciones del inglés en español actual.” En: Fuentes Olivera, Pedro Antonio (ed.) 2004. *Lengua y sociedad: Investigaciones recientes en lingüística aplicada*. Valladolid: Universidad de Valladolid, pp. 177-192.
- ROZUMKO, Agata. (2012) “English Influence on Polish Proverbial Language.” En: Furiassi, Cristiano; Virginia Pulcini & Félix Rodríguez González (eds.) 2012. *The Anglicization of European Lexis*. Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins, pp. 261-280.
- RUSSO, Adriana. (2002) “Préstamos del inglés en la jerga económica: ¿Es posible evitar el sobreendeudamiento lingüístico?” *Primer Congreso Internacional: «El español, lengua de traducción»*. Almagro, Ciudad Real, pp. 186-201.
- SÁNCHEZ GIJÓN, Pilar. (2002) “Aplicaciones de la lingüística de corpus a la práctica de traducción.” *Terminologie et Traduction*, pp. 84-106.
- SINCLAIR, John. (1991) *Corpus Concordance Collocation*. Oxford: Oxford University Press.
- TAPPOLET, Ernst. (1913) *Die alemannischen Lehnwörter in der Mundarten der Französischen Schweiz: eine kulturhistorisch-linguistische Untersuchung*. Basilea: Universitäts-Buchdruckerei Friedrich Reinhardt.
- TORRUELLA, Joan & Joaquim Llisterrí. (1999) “Diseño de corpus textuales y orales.” En: Blecua, José Manuel, Gloria Clavería, Carlos Sánchez & Joan Torruella (eds.) *Filología e informática. Nuevas tecnologías en los estudios filológicos*. Barcelona: Milenio, pp. 45-77.
- VARGAS SIERRA, Chelo. (2006) “Diseño de un corpus especializado con fines terminográficos: el corpus de la piedra natural.” *Debate Terminológico* 2 (7/2006). Paris: RITERM (Red Iberoamericana de Terminología. Versión electrónica: <<http://goo.gl/bYYfE>>
- ZANETTIN, Federico. (2011) “Translation and corpus design.” *SYNAPS, A Journal of Professional Communication* 26, pp. 14-23.
- ZANETTIN, Federico. (2000) “Parallel Corpora in Translation Studies: Issues in Corpus Design and Analysis.” En: Olohan, Maeve (ed.) 2000. *Intercultural Faultlines. Research Models in Translation Studies I. Textual and Cognitive Aspects*. Manchester: St Jerome, pp. 105-118.
- ZANETTIN, Federico; Silvia Bernardini & Dominic Stewart. (2003) *Corpora in Translator Education*. Manchester: St. Jerome.

NOTA BIOGRÁFICA /BIONOTE

MARTA GARCÍA GONZÁLEZ é licenciada e doutora en Tradución e Interpretación e Máster en Comercio Internacional pola Universidade de Vigo. Traballou como tradutora profesional de 1997 a 2011, principalmente no eido da tradución xurídica e económica, máis tamén como tradutora de documentais e longametraxes. Dende 2001 é profesora da área de Tradución e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e Vogal da Comisión Académica do Máster en Tradución Multimedia e do Programa de Doutoramento en Comunicación da mesma universidade. No eido da investigación, é membro do grupo GETLT e os seus intereses son a tradución de textos económicos, a didáctica da tradución e a tradución multimedia e as linguas minorizadas.

MARTA GARCÍA GONZÁLEZ holds a degree and PhD in Translation and Interpreting and a MA degree in Foreign Trade by the University of Vigo. She was a professional translator from 1997 to 2010, specializing in legal and business Translation. Since 2001, she has been a lecturer of Legal and Business Translation at the Faculty of Philology and Translation of the University of Vigo, where she was the Director of the faculty's MA in Multimedia Translation of that university from 2010 and 2012. Currently, she is a member of the Academic Commission of the Master in Multimedia Translation and of the PhD Program in Communication. She belongs to the GETLT research group of the University of Vigo and her main research interests are legal and business translation, translation pedagogy, translation from and into minorized languages, and screen translation.